

Convenio coa USC e a Fegamp para o Programa PAGUS

O alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, o reitor da USC, Senén Barro e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), Xosé Crespo, asinaron no mes de xuño un convenio para a colaboración no desenvolvemento dos cursos da Aula de Rehabilitación do Programa PAGUS.

O 30 de xuño deron comezo os cursos da Aula de renovación urbana e rehabilitación, un curso recoñecido pola USC e posto en marcha pola Oficina da Cidade Histórica e rehabilitación do Concello coa colaboración do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Comisión de Asesoramento Tecnolóxico do COAG, a Facultade de Xeografía e Historia da USC, e a FEGAMP.

Este curso enmárcase dentro do I Programa de Asistencia e Xestión Urbana Sostíbel (PAGUS), que financia a matrícula, dentro da iniciativa comunitaria Interreg-III C Sur, e conta coa participación de Santiago de Compostela-Galicia e Andalucía (España), Umbria (Italia), Miño (Norte de Portugal), Tracia-Macedonia (Grecia) e Malta.

Segundo explicou o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, no curso contouse e cóntase cos "mellores especialistas europeos en materia de rehabilitación". "Enorgullécenos que o 70% dos directores de rehabilitación de España estean saíndo de Santiago", declarou.

O programa, dirixido a arquitectos, aparelladores, historiadores da arte, xeógrafos, economistas, avogados, arqueólogos, sociólogos e outros profesionais relacionados coa renovación urbana e a rehabilitación, conxuga a formación práctica e teórica co intercambio de experiencias entre as rexións participantes. Durante o curso véñense analizando presupostos prácticos e proxectos de rehabilitación urbana concretos, que responden a problemas actuais dos centros históricos de Galicia. O desenvolvemento destes proxectos complementábase con seminarios e charlas que tocan as distintas disciplinas necesarias nos procesos de renovación urbana.

Os recoñecementos académicos a outorgar pola USC son o Máster en Renovación Urbana e Rehabilitación, o título de Especialista en Renovación Urbana e Rehabilitación, ou ben os posgraos en Xestión e Políticas Urbanas, Cidade e Sostibilidade; en Espazo Urbano e Urbanismo, e Construción e aplicación de técnicas e normativas en rehabilitación diversas. As clases prólonganse ata o 31 de marzo de 2006 no futuro edificio da Facultade de Filosofía de Santiago, na Praza de Mazarelos.

